

## REFUGIADOS: NEM DEUS, NEM AMO, NEM ESTADO

Redactado por **La Veranda de Rafa Rius**

Nem Deus, nem Amó, nem Estado. A velha bandeira anarquista resume perfectamente a sensación de estupor e vergonha fronte ao que está ocorrendo na Europa com os inmigrantes e refugiados.

Quando buscamos as causas últimas deste longo e profundo desastre, nos topamos inevitablemente com a maldita trilogía:

**Nem Deus:** Estamos vendo nestes días infelizes, imáxens de persoas perambulando entre o barro dos bosques balcánicos, famélicas e desidratadas, persoas que tiveram que abandonar seu lugar, suas casas, suas vidas, seus projetos... que, chegada a hora da oración, estendem seu tapete e rezam voltadas à Meca. Quê mais necesitan sufrir para aceitar que seu deus permanece surdo e mudo fronte a suas desventuras, simplemente porque non existe? ISIS, Al-Qaeda e ao fun-

do, escondido, o sionismo... A relixión segue enchendo a historia de ódio e sangue, segue representando seu sempiterno papel de atiçadora necesaria de todo tipo de penurias e conflitos.

**Nem Amó:** Como costuma suceder, o Amó, ou o que é o mesmo, o sistema capitalista, é qualquer coisa menos inocente no tema que nos ocupa. Detrás da grande onda de refugiados, que non começou este verán, aínda que assim queiran facer-nos crer os grandes medios de desinformación, están os intereses do capitalismo global, especialmente os relacionados com a industria da guerra, os negocios do petróleo e os chamados "minerais estratégicos". O capitalismo é por sua propia esencia amoral, a ética non cotiza na bolsa e portanto é totalmente alheia a seus centros de interesse. Seu carácter depredador non sabe nada de emerxencias humanitarias nem de nada que non tenha que ver com seus objetivos de negocio.

**Nem Estado:** Nestes tempos revoltos estamos comprobando até a náusea para que servem os Estados. Brutalidade policial e militar contra os refugiados indefesos, muros e cercas para impedir o libre tránsito das persoas, comercio indecente sobre as quotas de inmigrantes que correspondam a cada qual, campos de concentración que recordam épocas aínda máis obscuras e que acreditávamos superadas... As fronteiras entre Estados están facendo valer sua función repressora e creando grandes congestionamentos humanos que se justifican com a necesidade falsa e bastarda de non abrir a mão para non provocar un "efeito chamada", como se fizesse falta chamar a ninguém quando a opción é esquivar una morte provável ou enfrentar una morte certa. Os Estados están cumprindo com perfeición o papel para o qual foram criados. O que parecen ignorar é que é imposible colocar portas no campo. Agora parecen sorprendidos de sua incapacidade para deter e gerir as sucesivas e crescentes

avalanches, quando são suas próprias políticas de rapina que as provocaram. Entretanto, seguen ocultando-nos que, a partir da invasión soviética do Afeganistán, a CIA e o MOSAD, com a colaboración entusiasta dos Servizos Secreos europeos, estiveram por trás da creación e do patrocinio do Al-Qaeda e posteriormente do ISIS, enquanto agora os porta vozes dos governos da Europa, EUA e Israel se lamentan com cinismo inaudito de que os ovos dessas serpentes que eles mesmos incubaram lhes estalaram entre as mãos.

Analizar a situación desde um ponto de vista libertário, pode nos ajudar, mas além da inanidade de uma conjuntura feita de nacionalismos estreitos e eleições lampedusianas, a entender de maneira integral as razóns últimas desta abominável catástrofe humana que em nenhum caso é fruto da fatalidade senão da conxunción nefasta dos intereses dessas três grandes pragas: a Relixión, o Capitalismo e o Estado.

Neste número

· **Novas:** Nacen novos proxectos antiautoritarios e anticapitalistas na galiza · Na memoria de Carlos Midón · Texto difundido no mes de setembro durante a exposición 25/2015 do preso Carlos Calvo Varela · Acerca do compañeiro Gabriel Pombo da Silva e dos macrocárceres · Semana solidaria coas presas anarquistas · ... · **Reflexión:** No cárcere das opinións · **Reseñas:** [Documental] "Cando as Árbores Matan". **Negocio forestal e destrución socio-ambiental** · [Libro] "Que la lucha no muera. Ante la adversidad: rebeldía y amistad". Novo libro de Xosé Tarrío con introducción da súa nai Pastora · ...



## Nacen novos proxectos antiautoritarios e anticapitalistas na Galiza

Por un lado, **Liza**, unha nova organización xuvenil libertaria con agrupacións en Compostela, Coruña, Vigo e Ourense, extraemos do seu o seu manifesto fundacional:

“... os objetivos de Liza som os de impulsar a autoorganización da mocidade e fomentar a lectura e a autoformación cultural, social e política, así como o debate e a crítica como médio de análise das ideas e actuacións. Queremos impulsar a práctica de actividades de lezer afastadas do mercantilismo e da alienación social, así como difundir e practicar os principios libertários.

A finalidade é a de construír unha base social capaz de artellar unha revolución social, entendendo esta como un cambio que parte da vontade das persoas autoorganizadas e nom da toma do poder por parte de quem se autoproclama a nosa dirigente, que tenha por objetivo establecer un modelo social e económico baseado no

socialismo libertário. A revolución significa recuperar as nosas vidas, así como luitaremos por isto até logra-lo. Decláramos-lhe entom a guerra a capital, Estado, patriarcado, racismo, imperialismo e especismo.

Reafirmamos deste modo as ideas libertárias como instrumento útil ao servizo da mocidade, sacando-as do estado de latência ao dar-lhes o impulso que precisam. Libertárias no sentido de que a liberdade é, para nós, o fim último que deve guiar todo este projeto. Apostamos desta forma pola horizontalidade, a assembleia, a democracia directa e o federalismo como método organizativo e pola autogestom, de maneira que nengum agente ou método de financiación externo ponha em perigo a nosa autonomía e a integridade dos nosos valores. ...”.

Para máis información en: [www.mocidadenliza.ga/](http://www.mocidadenliza.ga/).

Por outra banda, dende o baixo miño, nace **Mërda crew**, Segundo unha carta aberta recibida no correo, identifícanse como un colectivo informal (semiaberto) afincado na comarca do Baixo Miño e que ten como obxectivo prin-

cipal desenvolver actividades que permitan a reactivación da contracultura antiautoritaria (e por tanto, marcadamente antipatriarcal), á marxe do mercado, da lóxica capitalista e das súas estruturas.

Colectivo que aposta polas relacións libres de poder, horizontais e de afinidade, querendo incentivar o desenvolvemento de eventos libres de comportamentos discriminatorios que atenten contra a cultura da dominación. Eventos que, máis alá do hedonismo, fomenten a solidariedade. Isto é, por exemplo, conseguir recursos para colectivos que levan tempo e traxectoria arriscando contra os mecanismos do poder: centros sociais okupados, bibliotecas e ateneos antiautoritarios, colectivos transfeministas, colectivos de apoio a persoas presas, santuarios animais, representacións pola ditadura democrática, etcétera.

Para contactar con eles: [merdacriu@riseup.net](mailto:merdacriu@riseup.net).

Nace tamén un novo centro social de tendencia anticapitalista na cidade da Coruña: **“A Comuna”** situado na rúa Vereda da Polvoreira nº 35 do barrio de Monte Alto. Súmase

deste xeito ao “Gomes Gaioso”, de corte independentista e comunista e ao “Ateneo Libertario Xosé Tarrío”, de ideoloxía anarquista, no panorama de Centros Sociais antagonistas herculinos. Inauguraron o proxecto o día 5 de setembro e prometen continuar enchendo de actividades transformadoras e subversivas as rúas coruñesas durante moito tempo. Integrado por persoas dun amplo espectro ideolóxico, sempre dentro da esquerda, deixamos aquí un extracto do manifesto co que se presentaron en sociedade:

“ Qué é a comuna?

A Comuna é un centro social, un proxecto de transformación e creación de comunidade, un espazo de encontro para a xente máis aló de lóxicas individualistas, homoxéneas e dirixidas. Na Comuna entendemos que o cambio social constrúese dende abaixo, paseniño, dende a proximidade, a autonomía e a solidariedade.

A Comuna é a cara B da historia, o fío dunha memoria de rebeldía e liberdade.”

O seu contacto: [csacomuna@gmail.com](mailto:csacomuna@gmail.com).

## Na memoria de Carlos Midón

Texto de **Stop desafiuzamentos A Coruña**

*Hoxe hai unha semana que Carlos Midón, veciño de Compostela, vítima de estafa e desafiuzamento, compañeiro de loita polo dereito á vivenda, quitouse a vida ante a desesperación de non poder resolver a situación de miseria á que o abocaron xunto coa súa familia. Na súa memoria, e na daquelas persoas que sufriron o horror de verse desprovistas de todo e abocadas á miseria por este sistema corrupto e criminal, publicamos a continuación o manifesto lido na manifestación do pasado venres.*

O comezo desta semana vén marcado pola morte. Todas as semanas que vivimos veñen marcadas polo imperio tanático que adoita diversas

facianas: o feminicidio constante nun sistema que nos quere desposuídas e escravas, a guerra transterritorial que agroma en forma de emigracións da necesidade e fuxidas do terror, o asesinato estrutural que se dá en chamar suicidio.

A atrocidade do sistema imperante mostra como a súa forma de pervivencia baséase na presión constante sobre xs desposuídxs. Na falta de recursos e posibilidades reais de supervivencia. Así como na agresión continua en forma de desafiuzamentos, de carencia vivencial severa e da presión social que **no caso de Carlos Midón tivo o tráxico desenlace do seu suicidio ante a imposibilidade de poder realizar seu proxecto vital e o dos seus**, como tantas outras persoas e familias ao longo deste Estado de excepción permanente que se dá en chamar España.

Intentan infravalorarnos convertíndonos nunha estatística desposuída de vida, acumulada en caixóns e radiada con desapego nos diversos medios de comunicación. **Detrás de cada número, de cada taxa de pobreza, hai vidas, relatos de amor, historias comúns de loita e sufrimento. Por iso hoxe estamos aquí reunidas e reunidos**, non só por solidariedade, nin por protestar ante un sistema inxusto, falto de equidade e que nos condena á competición, á desconfianza e ao odio case que dende o momento que vimos ao mundo e nos educamos nas institucións sociais que lle dan forma.

Hoxe desprezamos seu relato, súas formas e sentido común berrando **“NON SON SUICIDIOS, SON ASASINATOS”**. Convertímonos nun corpo social, coordinado, solidario e rabudo. Dende Ferrolterra, Lugo, Ourense, Vigo, Compos-

tela, A Coruña todos e cada un dos recunchos da Galiza non só berran, senón que se constitúen nunha masa social heteroxénea e consciente do seu poder. Por moita pobreza á que nos queiran condenar, vexacións en servizos sociais, acoso bancario, inclemencia habitacional e un inesgotable listado de agresións que pasan por ser política cando son o dominio do opresor neoliberal. Nos mantémonos en pe. Loitamos e conquistamos.

**Porque seu sistema é nosa morte. Súa riqueza, nosa carencia.** Ao berro de **NON SON SUICIDIOS, SON ASASINATOS** seu reinado remata no mesmo instante que todo o mundo os olla espidos de dignidade e cargados de inxustiza.

**Porque nesta cidade non se desahucia!**

**Nin casas sen xente nin xente sen casas!**



## Un erro na redacción do novo Código Penal rebaixa a categoría do delito de Okupación.

Redactado por **O temible burlón**

Como o ouvídes, amiguiñxs, o efecto indesexado dun curioso erro de redacción do novo Código Penal rebaixa substancialmente 16 delitos, que pasan automaticamente de ser considerados “menos graves” a aplicarse como “leves”. Deste xeito, a okupación de vivendas, entre

## España é o terceiro país que máis esquilma os recursos pesqueiros somalís

Redactado por **C.R**

A pesca ilegal en augas de Somalia, un país que dende hai xa máis dun cuarto de século atópase sumido nunha situación caótica e fragmentaria que lle impide tomar medidas no asunto, motivou o rexurdimento da piratería nas súas costas a finais da pasada década. Grupos de somalís armados, fartos de ver practicamente desaparecida a pesca das súas costas por mor da sobreexplotación incontrolada das voraces frots pesqueiras de medio mundo, lanzáronse á abordaxe daqueles barcos que lles arrebatában o seu medio tradicional de vida. Con nomes tan esclarecedores como “Gardacostas voluntarios de Somalia” ou “Marines somalís”, aqueles piratas saltaron entón ás portadas dos xornais de todo o mundo co secuestro de buques estranxeiros e o cobro de multimillonarios rescates por tripulantes e embarcacións. A operación militar “Atalanta”, con destacado protagonismo da armada española, soubo defender os intereses comerciais das empresas occidentais, apuntalando o saqueo e a rapiña nas costas do golfo de Adén. Conseguindo, deste xeito, substituír a piratería polo cobro de “taxas pesqueiras” dos señores da guerra somalís aos armadores dos buques que en pouco ou en nada repercuten no beneficio dos habitantes da zona.

Pois ben, un informe publicado recentemente por “one earth future”, baixo o título “secure fisheries” (-aquí en inglés-) pon de manifesto a situación de sobreexplotación que continúan padecendo os caladoiros de Somalia. Segundo este

outros delitos afectados, prescribese agora ao ano de cometerse, en lugar de aos cinco anos como ata agora. Este efecto, totalmente indesexado polos redactores do texto lexislativo, afecta directamente a numerosos activistas (e non activistas) en procesos por “ocupación non violenta de inmobles”. Algúns furtos ou a “defraudación da enerxía eléctrica e análogas” (pinchar a luz, falando en román paladino) sufrirían a mesma sorte, pois forman parte, xunto coa okupación, dos 16 delitos afectados pola feliz incidencia. Amargo consolo tras a entrada en vigor

informe, España situaríase no terceiro lugar dos países que, sen incluír á propia Somalia, esquilman aquelas costas sen control algún e en detrimento do beneficio dos habitantes da rexión. Os buques arrastreiros estranxeiros pescan máis de 132.000 toneladas ao ano, mentres que a frota artesanal somalí apenas captura 40.000. Tendo en conta a situación de extrema inestabilidade do país, dividido e en constante guerra civil dende hai varias décadas, a pesca vólvese un recurso indispensable para alimentar a unha poboación incapaz de procurarse o sustento doutro xeito. A sobreexplotación pesqueira con medios industriais priva aos habitantes das costas de Somalia do acceso a un dos poucos recursos que poderían garantir a súa subsistencia. Por este motivo non sería de estrañar que nos próximos anos rexistrárase de novo un retorno á bandidaxe naval por parte dos piratas somalís, fartos de ver como a industria estranxeira se lucra sen freo coa explotación das súas costas mentres as súas familias pasan fame.

Sabemos que é triste referirse aos peixes das augas do Golfo de Adén unicamente como “recurso natural”, posto que a súa sobreexplotación é unha catástrofe ecolóxica independentemente de que sexan os propios somalís ou as frots de arrastreiros trasnacionais as que acaben con eles. A drástica situación dos mares do mundo é un problema de primeira magnitude fora de quen sexa o que se lucre con ela. Pero non é menos certo que a pesca tradicional somalí, ademais de favorecer directamente as persoas inmediatamente ligadas a eses mares e a eses ecosistemas, é infinitamente menos destructiva e dañina que a implementada polas compañías trasnacionais con métodos industriais e masivos.

do máis represivo código penal que coñeceu esta mal chamada democracia (ou ben chamada democracia, pero democracia de merda á fin e ao cabo).

O erro de redacción causante da disfunción na aplicación do novo Código Penal débese á redacción dun parágrafo do seu Artigo 13.4, que di “cando a pena, pola súa extensión, poida considerarse como leve e como menos grave, o delito se considerará, en todo caso, como leve”, deste xeito, estes delitos aos que se lles fixou unha pena multa de 3 a 6 meses, no canto

Algúns medios da prensa comercial do estado español recolleron a noticia do informe de “one earth future”; non obstante practicamente ningún sinalou o feito de que España se atopa no terceiro lugar dos países estranxeiros que esquilman as augas somalís (con case o 10% das capturas), por detrás de Irán (cun 26%) e Yemén (cun 17%), ambos países da zona. Polo visto aos medios españois non lles pareceu relevante que sexa precisamente este país o que, sen estar bañado polo mar de arabia, máis esquilme a pesca da rexión, case co dobre de capturas que Francia, o seguinte país europeo en tan infausto ránking. Pero para aqueles que creades que isto é cousa de España, e que os galegos estamos exentos de culpa en semellante saqueo, só dicirvos que algunhas empresas como Galvo ou Pescanova (e probablemente moitas máis afincadas nas nosas terras) adicáronse dende hai tempo a esquilmar atunes nestas augas (e en moitas outras, onde son coñecidas pola súa absoluta falta de ética laboral e comercial) e mesmo sufriron a acción dos piratas somalís nalgunha ocasión.

Nada que non saibamos, ou que polo menos non poidamos imaxinar: que as frots pesqueiras occidentais adicanse á pillaxe e ao saqueo marítimo, mentres que a mala fama lévana aqueles que se lles opoñen e fánlles fronte polos máis modestos medios, tentando reapropiarse dalgunhas migallas do que lles arrebatamos. Pero mentres que aos segundos coñécense-lles como piratas e persíguelles con saña, aos primeiros chámaselles pilares da sociedade e prémiaselles legalizando a súa rapiña co cómplice concurso dos nosos medios informativos, o noso exército, os nosos tribunais e a nosa tácita aprobación de cidadáns compracentes.

de “de 3 meses e un día a 6 meses”, pasan a considerarse como leves.

Para que vos fagades unha idea da forma en que isto afecta ao activismo social por estas terras, o proceso contra xs okupantes do emblemático Centro Social coruñés A Casa das Atochas, quedaría automaticamente prescrito atendendo á lexislación vixente.

Así que xa sabedes, meus queridxs amigxs do alleo, okupade... okupade... que o están pedindo a gritos!



## Texto difundido no mes de setembro durante a exposición 25/2015 do preso Carlos Calvo Varela.

Rcolhido da web [devoltapara-loureda.wordpress.com](http://devoltapara-loureda.wordpress.com).

Igual que todos os números que acompañan esta mostra, 25/2015 som, para moitas de nós, moito máis que simples cifras. 25/2015 é o número da sentenza com a que a Audiencia Nacional condenou o pasado 15 de abril a Carlos Calvo a sete anos de prisión, que haverá que somar aos outros sete anos com os que fora condenado na primavera de 2014, e que o manteñem preso a centos de quilómetros do seu fogar.

25/2015 cheira a caça de bruxas, a fogueira, a cultura do medo. É a prova de que non precisamos

provas; de que vivemos subjugadas a un sistema judicial inquisitorial, caprichoso e cruel no que a vida de Carlos, e de tantos outros presos e presas, non tem máis valor do que un número que se perde entre a montagem policial, a desidia judicial, ou a estratexia política.

Mas 25/2015 pretende ser tamén a voz e a calor das persoas que coñecemos a Carlos e a injustiza que está a padecer. 25/2015 é unha campaña para nós, a rede, a tribo, que precisamos revolver-nos, coletivizar a nosa dor, denunciar alto e forte o que pasa máis alá dos muros das prisións. Para ele, porque o silencio pode ser unha das piores condenaçons, para que saiba que non se enfrenta só a este absurdo. E tamén para vós, persoas coñecidas e descoñecidas, assíduas ou non deste local, para que estejades ao tanto dunha pecinha máis do sistema que nos rexe e desfrutedes de toda a cor e toda a vida com

a que nos agasalha Carlos em cada unha das súas cartas.

### Rede de Apoio a Carlos Calvo

\*Carlos Calvo Varela (1988, Loureda, Ordes) foi detido em setembro de 2012. Permaneceu em prisión provisória até maio de 2014, quando foi julgado por "pertença a banda armada e tenência de explosivos". Trás recorrer o resultado ao Tribunal Supremo, a súa condena passou de 12 a 7 anos, ao absolvé-lo de "pertença e Resistência Galega". A primavera de 2015 levou-no a outro juízo, no que o acusavam de colocar un explosivo num caixeiro em outubro de 2011 em Vigo. O único argumento da acusação residia no controvertido achádego no lugar da açom dum fragmento de carne de conduzir que supostamente pertenceria a Carlos, e que ele teria empregado para abrir a porta do caixeiro. Convencida do absurdo da acusação, a defesa conseguiu provar que o día dos

feitos Carlos se atopava a centos de quilómetros de Vigo. Finalmente, a sentenza condenou a Carlos por proporcionar o explosivo aos descoñecidos autores materiais dos feitos, tema sobre o que nunca se lhe acusou e para o que, evidentemente, non existe nengunha prova. Este veredito foi já recorrido ao Tribunal Supremo, e é neste contexto no que a um grupo de amigas decidimos pôr em marcha a campaña 25/2015 para divulgar o que está acontecendo.

Para máis información sobre todo o proceso do seu cativoiro, podeades consultar aquí:

<https://devoltapara-loureda.wordpress.com/> · [devoltapara-loureda@gmail.com](mailto:devoltapara-loureda@gmail.com) · FB

E para dar-lhe fôlegos a Carlos escrevede-lhe a:

Carlos Calvo Varela · Centro Penitenciario Villabona. Finca Tabladiello, 33422 Villabona-Llana [Asturias]



## Acerca do compañeiro Gabriel Pombo da Silva e dos macrocárceres

Escrito por *Anarquistas solidarias*

Hai un ano que o compañeiro Gabriel Pombo Da Silva foi trasladado ao centro penitenciario de Topas (Salamanca). Aí continúa resistindo á dura experiencia da privación de liberdade (despois de pasar xa máis de 30 anos tras as reixas), así como aos distintos dispositivos que a administración penitenciaria non para de perfeccionar como mellor convén aos seus intereses e os dos seus patrocinadores.

A prisión de Topas foi creada no marco do programa de construción de 20 macrocárceres promulgados ao inicio dos anos 90.

polo goberno do PSOE de Felipe González. Na mesma época, o sinistro e socialista director de Institucións Penitenciarias, Antoni Asunción, introduciu a directiva interna que administra os réximes FIES.

A prisión de Topas ten pois, as características destas novas fábricas de encarceramento en masa - en España o número de persoas presas dobrouse en 20 anos, pasando a grosso modo de 35.000 en 1991 a 70.000 en 2011.

Un dos criterios desta modernización consistiu en afastar os centros penitenciarios dos núcleos urbanos, o de Topas foi construído en campo raso. Isto responde a varios obxectivos: esconder o máis posible estes lugares de miseria; separar máis aínda as persoas presas dos seus achegados, obrigándoos a per-

correr longos quilómetros. Por sorte (!), contrariamente á maior parte dos outros cárceres, Topas encóntrase ao bordo dunha estrada nacional comunicada por unha liña de bus, un «luxo» que permite evitar o castigo colectivo de custosos traxectos ou marcha forzada.

Este afastamento está igualmente destinado a reducir as manifestacións de solidariedade nos barrios como as que puideron existir no pasado, especialmente cando houbo movementos no interior das prisións, así como converter as fugas en extremadamente difíciles.

O programa de novos establecementos penitenciarios veu así a responder ás onzadas de loitas, motíns e fugas que teñen regularmente sacudido as prisións españolas dende os anos 70 ata

os 90. Reunindo no seu seo a distintos tipos de reclusión (preventivos, cumprimento, longas condenas etc.), trátase de prisións de máxima seguridade, equipadas entre outras cousas de portas automáticas, sistemas de control informatizados cada vez máis sofisticados e unha multitude de dispositivos de alta tecnoloxía.

O talle e a arquitectura destas prisións, permiten encerrar en cada unha delas máis dun millar de prisioneiros/ás, separándoos segundo o grao das necesidades e das experimentacións da xestión carceraria. En efecto, estas son divididas en distintos edificios autónomos os uns dos outros co seu propio patio, os seus locutorios, o seu economato... Dado que todo tipo de encontros entre os presos/ás dos distintos módulos son coi-



dadosamente evitados, elas non teñen senón uns poucos medios para saber que acontece no resto da reclusión, o que reduce outro tanto as posibilidades de loitas, así como de motíns de certo alcance. Para impedir todo «reagrupamento perigoso» é moi doado mover a un prisioneiro/a dun edificio a outro sen necesidade de recorrer ao traslado a outra prisión - mesmo se a dispersión segue sendo un medio eficaz de castigar os presos/ás e a súa xente próxima.

Despois de cinco traslados dende a súa chegada a España, Gabriel puido xa descubrir 5 módulos internos diferentes en Topas.

Esta organización que reside á vez na masificación e a atomización contribúe así a perseguir a guerra sucia rompendo os lazos de solidariedade ou fomentando rivalidades e problemas nun contexto de miseria afectiva e económica.

Para engadir unha capa máis na penuria e a conseguinte carreira pola supervivencia, o último achado recente de Topas consistiu en inventar unha nova normativa que reduce as posibilidades de envío de peculio a dous ao mes, unicamente efectuados polos familiares ou o avogado.

Paralelamente ao novo modelo arquitectónico, desenvolveuse tamén o concepto moderno de tratamento científico dos prisioneiros/ás. Cobaias modernas, elas son clasificadas segundo unha interminable lista de réximes, graos e fases. Este encadramento que pretende ser extremadamente minucioso, está efectuado por todo un panel de especialistas (os chamados «equipos técnicos» ou «ólogos» como ironiza Gabriel quen rexeita someterse ao seu exame: psicólogos, sociólogos, pedagogos e outros traballadores sociais...) segundo criterios esencialmente comportamentais e disciplinarios. O que leva o suave nome de «tratamento individualizado» equivale a escrutar con lupa o comportamento de cada prisioneiro/a para establecer o seu perfil e o tratamento a aplicalo. En termos menos escollidos, trátase de tocar onde máis doe sabendo que esta burocracia é ademais determinante para os permisos de saída e a condicional. Todo isto pasa evidentemente pola constitución de enormes bases de datos e por un control moi estreito.

Máis alá dos interrogatorios regulares previstos por estes batallóns de expertos, a vixi-

lancia cotiá está asegurada por distintos medios: o sistema de cámaras omnipresentes e os informes de incidentes distribuídos polos carcereiros son por desgracia a miúdo secundados polo control do resto de presos/ás. Os módulos chamados de «máximo respecto» supostamente de «vida en común» son un exemplo extremo desta coexistión. Os prisioneiros/ás que entran neles, comprométese por contrato a respectar e a facer respectar ao/ás outro/ás non soamente o regulamento penitenciario, senón tamén, como extra, un código de boa conduta elaborado pola mesma división. Baixo a aparencia de asembleas de balance, el/ás participan activamente no seu propio encerro e no reino do chivateo que ten tendencia a xeneralizarse amplamente, trátase sen dúbida da tan gabada reinserción...

Por suposto, o conxunto do sistema funciona baixo a estratexia do pau e a cenoria: recompensa para aquilo/ás que de distintas formas dan probas da súa boa vontade a ollos da administración penitenciaria, mentres que os réximes pechados, o illamento e a maior parte do FIES están destinados a castigar ao/ás prisioneiras máis «conflitivas» e veñen a ratificar os diagnósticos ou prognósticos de perigosidade social.

O FIES 3 esperaba as compañeiras Francisco e Mónica dende a súa encarceración. Gabriel pola súa banda foi clasificado en FIES 5 mentres se encontraba na Lama, e esta decisión foi renovada varias veces pola administración de Topas. Tamén considerada como rebelde, Noelia Cotelo acaba de chegar á súa vez a Topas, onde foi inmediatamente posta na galería de illamento e segue clasificada en FIES 5. Entre outras medidas especiais, isto implica concretamente que todas as comunicacións escritas ou orais son lidas, fotocopiadas, escoitadas e gravadas e que elas poden ser censuradas baixo criterios bastante vagos de «contido subversivo» ou de «atentado á seguridade ou ao bo funcionamento da prisión». Neste caso, é case a totalidade das publicacións de carácter anarquista destinadas ao compañeiro que son retidas, e mesmo cando estas responden ao criterio obrigatorio e xa selectivo de levar ISBN e pé de imprenta. Por isto el pide que non se engadan as cartas a este tipo de envíos dado que son rexeitados enteiramente. A súa correspondencia está tamén sometida á limitación de enviar como máximo 2 cartas por semana, sen contar cos atrasos ou as desaparicións «inexpli-

cables» de correos, sen dúbida para tapalo a boca e illalo máis aínda.

Ao recurso enviado por Gabriel, o xuíz de vixilancia da rexión contestou confirmando a súa clasificación en FIES, con esta frase que non carece de graza: «resulta dos informes recibidos e do contido das intervencións das comunicacións que se lle veñen facendo dende que se encontra no C.P onde segue mantendo unha loita anarquista e antisistema contra o réxime e as institucións, alentando os seus achegados e os seus amigos á loita...». Isto di moito sobre o que o Estado esixe do compañeiro: renunciar ao que pensa e ao que é; o fustrigamento e o xogo sucio mesmo coa súa data de saída de prisión (os recursos xurídicos están aínda en curso) apuntan sen dúbida a isto e obviamente non o conseguiron.

O funcionamento e a función da prisión ven a recordar outra vez máis que esta é o reflexo máis denso da sociedade que a produce e a necesita. Dende o máis baixo ao máis alto dos chanzos, as engrenaxes que aseguran o mantemento das institucións e da orde establecida, necesitan e esixen a submisión do maior número posible. Trátase de romper os individuos e de erradicar as posibilidades de loita. O consentimento pode ser comprado a golpe de puntos positivos e negativos, de fragullas, de drogas legais e ilegais ou intentar ser arrancado pola violencia máis directa, pois todos os medios valen para os poderosos, demócratas ou non.

A «humanización» dos cárceres vendida polo poder e pola propaganda mediática esconde, en realidade, o intento de despersonalización e de desposesión total, tal como a súa pretendida «paz social» que non é nada máis que unha guerra máis ou menos larvar.

Dentro como fóra, son estas engrenaxes os que hai que romper, así como todas as cadeas que nos atan, físicas, psicolóxicas e tecnolóxicas... Só a través da rebelión e a loita poderemos rematar coas relacións baseadas na dominación e cumprir os nosos desexos de liberdade.

Abaixo a sociedade carceraria, o Estado e toda autoridade!

**Agosto 2015.**

*Para escribir ao compañeiro Gabriel Pombo Da Silva CP Topas- Salamanca Ctra. N-630, Km 31437799 Topas (Salamanca) España*



“Coa represión queren facernos crer que o teñen todo controlado, que fora dos límites que nos marcan nada é posible. Se non somos conscientes deste engano chegará o momento no que a súa violencia explícita xa non será necesaria. Queren que teñamos medo. Medo as súas porras, as súas torturas, as súas prisións... O obxectivo da represión, de toda esta violencia é que deixemos de loitar.

Queren que teñamos medo e que sexa o único que pensemos.

Ao que realmente temos medo é a perder a forza que nos fai continuar. Temos medo do arrepentimento de quen dí que a loita non ten sentido. Temos medo de quedarnos solas. Temos medo de que a represión funcione e que deixemos de buscar cómo facerlles fronte. Éste é o medo que non nos paraliza senon ao contrario. Nos remove tanto por dentro que nos insta a non acomodarnos. É desta maneira que nos volvemos a encontrar cara a cara cos verdugos e nos damos conta de que eles, coa súa represión, non son algo invencible. Son persoas e, como nos, tamén teñen medo.

Que o medo cambie de bando.”

*Extracto dun cartaz difundido na Galiza en solidariedade coas presas anarquistas e antiautoritarias dentro do marco da semana de solidariedade coas presas anarquistas en agosto 2015.*

Dende Pontevedra e A guarda houbo máis mostras de solidariedade, máis info na nosa web. Tamén deixamos en pdf varias publicacións sobre a loita anticarceraria difundidas no marco de esta convocatoria.



## No carcere das opinións

Escrito por **Massimo Passamani**  
Traducido por **B. Gastron**.

Entre as acusacións verquidas sobre o anarquismo, aparte de a de ser unha ideoloxía terrorista ou a de estar baseado nunha visión románticamente idealista da vida (acusacións non moi diferentes no fondo), existe outra que o tilda de pensamento dogmático, pouco aberto ao cambio.

A democracia creou unha ideoloxía do diálogo que separa as ideas dos individuos concretos que as expresan. Nesta separación as ideas son transformadas en opinións e fáiselles circular como mercadorías. Representadas desta forma acaban por converterse, contrariamente ao que poida parecer, en algo sagrado. Ou mellor dito, a sacralidade non se atopa xa nas ideas tomadas de maneira diferenciada, é dicir, no seu contido, senón no contexto no que son expresadas. O importante non é a democracia, que se presenta ao mesmo tempo como unha idea entre as outras e como un espazo no que se produce toda confrontación das mesmas. Así, criticar a democracia non é criticar unha determinada visión da vida, senón refutar a propia confrontación de opinións. Unha crítica á democracia non é máis que unha corroboración da falsa tolerancia, da democratización, do diálogo nos marcos que ela mesma permite. A crítica trátase entón dun dereito, e como todos os dereitos,

ratifica o poder de quen o concede. Evidentemente este xogo ten as súas regras. A primeira delas é que na confrontación entre individuos estes desaparezan (é dicir que sexan relegados a un espazo puramente mercantil) para deixar lugar soamente para as súas opinións. Resulta evidente que se sustraemos das ideas o seu contido real, isto é, a individualidade de carne e ósos que as formula, non hai confronto que non acabe corroborando a comunidade na que se produce este confronto. Se o xuíz e o anarquista teñen soamente opinións distintas, por moi radical que sexa o confronto, acabarán respetando os seus roles de reciprocidade. Pero para dialogar é preciso que cadaquén asuma as consecuencias do que sostén. Se respostasemos isto, entón xa non seríamos democráticos.

O anarquismo, polo menos o meu, non acepta que a vida, as eleccións, as responsabilidades, sexan soamente opinións. Non se trata de dereitos, é dicir, da confirmación da democracia do espectáculo, senón da ruptura das regras que fan posible o xogo das opinións. O anarquismo non é democrático. Por tanto, dirán, é dogmático, é integrista. Péchase o círculo. As monsergas acerca do diálogo e a democracia acaban por ter consecuencias. Cando se interiorizan acaban afectando nas nosas vidas, nas nosas proxectualidades, nos nosos desexos. Lembro que durante a guerra do Golfo participei nalgúnhas iniciativas desenvolvidas na miña facultade en contra da intervención militar. O resto

de estudantes, para non ser secarios, convidaron aos debates a algúns intelectuais que estaban a favor do conflito. Os individuos que alí falaban non eran considerados como persoas que coas súas decisións, coas súas palabras, estaban afectando directamente na vida e a morte doutras persoas, ou fomentando estruturas específicas de poder, non, eran tan só respetábeis participantes nun sereo intercambio de opinións. Algúns deles, tiñan responsabilidades directas (lembro a intervención do alcalde), e ao negarme a debatir fun presentado como fanático irrespetuoso das ideas do resto da xente. Isto é a democracia. O totalitarismo enfeitado cos hábitos do diálogo e a dúbida. Sustraerse dos seus rituais implica un esforzo considerábel.

A crítica do dogmatismo acabou impresionando a moitos anarquistas. Sentíndose culpábeis, parece que case quixesen disculparse. Vai un exemplo antes de rematar:

“Quen acredita na posibilidade da anarquía como sistema político é anarquista, sexan cales sexan as súas perspectivas estratéxicas”

Escribía Camilo Berneri en 1936. Na liña do mesmo razonamento sostiña que ás veces, na procura dun mal menor, hai que abandonar algúns “dogmas tácticos” a favor de necesarias “excepcións estratéxicas”. Tamén facía referencia ao voto (proponendo unha “revisión” posibilista), pero o seu discurso tiña un sig-

nificado máis xeral. Sobre este significado é sobre o que quero falar. Presentar a metedoloxía anarquista como un problema ou dogma representa por sí mesmo unha mistificación. Entre “dogmas tácticos” e “excepcións estratéxicas” eu non escollo ningún. Se o fixera estaría transformando o anarquismo, que para min é unha ética, unha maneira de entender a vida na que a teoría e a práctica son inseparábeis nun ideal a realizar. Con gran sensatez, suxíresenos que todo o mundo ten dereito a ter opinións anarquistas, incluído o noso amigo o xuíz, que acostuma a manterse no outro lado dos barrotes.

Se alguén non vota porque o abstencionismo é un dogma, o mesmo me da que vote ou que non. Para min, a elección anarquista non pode estar subordinada a realizacións futuras, senón que ten que conter no seu desenvolvemento o signo da diferenza, do pracer, da dignidade. Polo tanto cabe invertirse cadra a expresión de Berneri. Tamén os que non cren na anarquía como sistema político poden ser anarquistas, con tal de non transforman as súas decisións en calculos estratéxicos. Será casualidade que strategos en grego signifique comandante? O que é seguro é que o que a nosa conciencia e amor propio perden con estes calculos non se traduce nunha maior liberdade. Elexindo esa vía hai moitísimo que gañar, incluídas as nosas cadeas.





## [Revista] **Avalancha, correspondencia anarquista**

*Editorial do cuarto número*

Se ben hoxe en día o poder pasa por un período de inestabilidade e inseguridade relacionadas á ampla re-estruturación a nivel económico, político e social, incansablemente busca a mobilización total da poboación enteira. Se está a buscar crear un novo consenso, unha nova adhesión de suxeitos ao proxecto de dominación ou, onde é conveniente, unha submisión posible dos refractarios de onte, non é sorprendente que esteamos vendo unha represión significativamente máis forte. O que si podería sorprendernos é máis ben a velocidade coa cal seccións enteiras da sociedade son militarizadas, coa cal o cadro legal se modifica, o ritmo da penetración da tecnoloxía e os procedementos de control en toda a sociedade.

Logo da declaración de varias guerras polos países europeos (Libia, África Central, Siria,...) e o ataque en París dos combatentes da guerra sagrada, varios países implementan feroces experimentos no terreo da seguridade. Áa os soldados

na rúa, algunha vez un signo da chegada de guerra ou insurxencia, non faltaron. Isto é, como suxiren os expertos antiterroristas, para “saturar o territorio”, tanto mediante a presenza física dunha onda de fieis ao poder como afogando todo espazo para a reflexión con propaganda pro-sistema. Na liña de lume obviamente non están soamente (nin tanto mesmo) os que propoñen a guerra sagrada, senón todos os que son problemáticos para a “paz” dos mercados e a estabilidade das institucións; as poboacións que son superfluas para a acumulación capitalista e os revolucionarios declarados, os inadaptados do mundo da tecnoloxía e os rebeldes da rúa.

Efectivamente, todo Estado tende lóxicamente cara o totalitarismo que, dependendo do tempo e da época, podería tomar a forma dunha ditadura fascista ou unha xunta militar, unha democracia que alcanza enormes proporcións esmagando individuos ou unha tecnocracia que somete a unha poboación enteira ás prerrogativas de algoritmos e máquinas. O totalitarismo involucra a todos, require unha mobilización total, plena adhesión. Se hai uns anos estouparon levantamentos co berro de li-

berdade e dignidade do outro lado do Mediterráneo, vemos hoxe como todos os Estados responden (preventivamente na maioría dos casos) á posibilidade dunha ameaza subversiva. E os Estados, xa sexa democráticos ou despóticos, teocráticos ou tecnocráticos, non exclúen ningún medio cando se trata de preservar o seu poder: a guerra, a mentira, o cárcere, o terror, o control total, a tortura, os réximes especiais, os asasinatos.

A cuestión que se formula para os que loitan na guerra social contra toda autoridade, é se posuímos as reflexións, os medios, as prácticas, perspectivas e proxectualidades que nos permita tomar a iniciativa, para atacar na nova era que se anuncia. Ben, a resposta non pode ser afirmativa. Se ben xurdiron proxectos interesantes nos últimos tempos, se ben experiencias significativas proporcionaron armas para o futuro, está claro que o poder estase a adiantar. Poderíamos tratar de poñernos ao día desfacéndonos de todas as características que nos distinguen dos demais e - no contexto xeral da guerra substituír as ideas pola estratexia - correr atrás de alianzas improbables coas forzas autoritarias ou atrás das masas envelenadas

por unha sobredose de propaganda estatal. Un podería negarse a afrontar a nova situación e seguir adiante nos círculos da autorreferencia e da repetición. Ou ben, e isto é o que vemos cando miramos nos textos que nos envían ou que recollemos nesta edición de Avalancha, tratar de ir cara adiante, de promover a reflexión, de agudizar a práctica de ataque directo, de afondar nas dimensións da auto-organización e da informalidade, de persistir en negarse a deixar de lado as nosas ideas de anarquía e liberdade e as esixencias resultantes baixo o pretexto de buscar unha maior eficiencia.

Os desafíos no horizonte son, se cabe, aínda máis serios e difíciles que os de onte. As condicións nas que imaxinar, pensar e practicar a confrontación revolucionaria, están hoxe lonxe de ser favorables. Pero isto non impide que en todo o mundo, os anarquistas estean a facer o seu camiño, contra todo prognóstico, a súa traxectoria de ataque contra toda forma de autoridade. Seguimos pensando que Avalancha, como un proxecto de correspondencia internacional, pode axudar a vincular e confrontar estas diferentes traxectorias dun anarquismo autónomo e ofensivo.

## [Documental] **“Cando as Árbores Matan”. Negocio forestal e destrución socio-ambiental.**

**Pensar que o principal problema do modelo forestal é a contaminación que produce unha pasteira, é unha inxenuidade que oculta o ciclo completo da súa destrución.**

Agora que en Pontevedra xa se fala de que poderíase prorrogar a ENCE a concesión que remataría en 2018, e que ENCE promete eliminar en troques todos os cheiros (non explica porqué non o fixo antes), consideramos de interese publicar dar pulo a este Documental gravado entre 2009 e 2011 nas provincias argentinas de Misiones e Corrientes, un dos polos forestais máis puxantes de Latinoamérica, co fin de mostrar que cando fala-

mos de plantacións forestais, as árbores matan. E que o problema non radica só na existencia ou non da pasteira senón que é muito máis complexo. (Texto recollido e traducido da web do documental “arbolesquematan”):

“A maior parte das persoas ve ás plantacións forestais como algo esencialmente bo. Elas evocan a paisaxe perdida dos antepasados. A miúdo escoitamos que promoven o desenvolvemento e xeran traballo. As árbores cultivadas alimentarán a industria, farán crecer ao país, e producirán os bens que a sociedade necesita. As árbores, ademais, son vistas como un elemento que mellora os ambientes. É case inevitable entón que se apoie a expansión (da industria) forestal.”

As plantacións de piñeiros, eucaliptos ou de calquera outra especie de árbore sexa nativa ou exótica, non son bosques. Son sistemas artificiais creados

e sostidos polo home, destinados a producir só unha parte de si mesmos: o tronco das árbores dunha destas especies.

As árbores tamén son membros fundamentais dun bosque natural; con todo, só son unha pequena fracción de toda a estrutura que se necesita para o seu funcionamento: moitas outras plantas e animais, fungos, microorganismos, chan, auga e clima. A función dun bosque natural non é producir árbores, senón sosterse en conxunto e auto-regularse.

Os bosques, ademais, forman parte da paisaxe natural dunha determinada rexión, no cal coexisten con outros ambientes naturais - pasteiros, pantanos, lagoas - e tamén con xente adaptada a vivir nesta paisaxe, cuxa identidade, tradicións e posibilidades de desenvolvemento económico dependen da existencia desta paisaxe natural sa e diversa.

As plantacións de árbores substitúen totalmente esta rica paisaxe natural e expulsan aos poboadores locais ás cidades ou a rexións veciñas. As culturas e tradicións locais vanse perdendo dentro dunha nova sociedade dominada por persoas foráneas - os administradores, técnicos e enxeñeiros da industria forestal - que teñen valores e costumes diferentes. Estas plantacións nin sequera instálanse para abastecer de madeira ás comunidades locais nin da rexión. Os habitantes das rexións afectadas por estas plantacións teñen todo isto moi claro e a partir da súa propia experiencia descríbenas como “desertos verdes”, “árbores veleñosas”, ou “gaiolas de piñeiros”.

“Desde que as árbores son plantadas ata que se procesa a madeira ou a celulosa, o modelo forestal ten moitos atributos. Destrúe ecosistemas e biodiversidade, degrada chans e fontes de auga, envelena a terra e os arroyos, expulsa a poboadores,

converte vilas puxantes en sitios miserables, e pode contribuír ao quecemento global e o cambio climático. Ademais xera traballo precario e quebranta a saúde pública. E fai todo isto prometendo o desenvolvemento rexional. É certo que a industrialización xera un beneficio económico a curto prazo. Pero este lucro obtense sacrificando a esperanza dunha economía sustentable, unha economía fundada sobre a dignidade dos que aínda non naceron.”

O único que teñen en común as plantacións forestais e os bosques é que en ambos predominan as árbores. En base a esta única coincidencia é que moita xente cre que se os bosques son social e ambientalmente beneficiosos, entón as plantacións de árbores tamén o son. Pensar que o principal problema do modelo forestal é a contaminación que produce unha pasteira, é unha

.....

## [Libro] “Que la lucha no muera. Ante la adversidad: rebeldía y amistad”. Novo libro de Xosé Tarrío con introducción da súa nai Pastora.

A Editorial Imperdible, que ven de tirar do prelo este libro, nos remite un seu correo para darlle pulo con un seu texto de presentación do mesmo, que nós reproducimos (e traducimos):

Ante a brutalidade do réxime que sofren, a deshumanización das súas vidas, a tortura que padecen tanto el como os seus compañeiros presos e a tristeza que alaga o máis fondo das súas almas, Xosé decide sacar fóra dos muros toda esta barbarie por medio da escritura, dando vida a “Huye, hombre, huye”. Este libro de denuncia, esta alegación contra o sistema penal e penitenciario, estas ansias de liberdade, converteranse nun cuspe cheo de rabia e de reivindicación, cuspidos ás mesmas caras que protagonizan e amparan a represión, traducíndose ao grego, italiano, alemán, inglés, francés e editado en Argentina.

Ademais deste libro escribe numerosos textos sobre diferentes temas, sobre todo de temática carceraria, pero tamén de análise da actualidade de fóra, que seguía tanto con interese como con preocupación. Compón poesías, a maioría destas dedicadas con moito amor á súa incondicional nai. Á parte realizou numerosos cadros onde predominan as cores vivas debido ao seu peche e a ausencia deles dentro de prisión.

Aquí reproducimos tanto este material como un capítulo dedicado a Xosé, no

[abordaxe.wordpress.com](http://abordaxe.wordpress.com)  
[abordaxe@bastardi.net](mailto:abordaxe@bastardi.net)

inxenuidade que oculta o ciclo completo da súa destrución.

Algunhas persoas pensan que as fábricas fumarentas son feas, pero ven as forestacións como algo lindo. Pero son só partes dun proceso maior. Todo aquel que atopa beleza en millóns de piñeiros aliñados debe observar o que queda logo dunha talla rasa. Alí exprésase o modelo forestal na súa cruel dimensión: a paisaxe devastada e sen vida. Un cemiterio de ramas e troncos. É a finalidade do cultivo, a imaxe que persegue a industria, a primeira etapa dunha liña de produción que xera ganancias á conta da sociedade e o ambiente. Todo cultivo forestal é o paso previo a unha talla rasa. E esta é o paso previo a unha industria contaminante. E esta é o paso previo a toneladas diarias de papel e cartón botadas ao lixo a miles de quilómetros.

cal familiares, amigos e compañeiros lémbrenlle dunha maneira especial, onde o agarimo e a pena son palpables. Por último, a súa nai Pastora contribúe cunha introdución que non deixará indiferente a ninguén, onde explica que é o que fixeron co seu fillo para que acabase falecendo.

Xosé transmítenos os seus sentimentos sen edulcorar, o que lle enche de odio e de amor: a institución carceraria, as drogas, o F.I.E.S., o patriarcado, o Estado, a sociedade, as inxustizas, a solidariedade, o amor, a amizade, a súa nai, a anarquía...


Sempre disposto a axudar á súa xente, dar a cara por eles e esixir o que é xusto. Percorrendo numerosos cárceres do estado, este insurrecto galego sabe ben do que fala, sendo dos primeiros presos en sufrir nas súas carnes o réxime F.I.E.S. O seu espírito ingobernable e a súa solidariedade entre rebeldes leváranlle a recibir multitude de partes, sancións, humillacións, cacheos, illamentos, vexacións, traslados, malleiras... pero iso non lle impedirá tentar fuxir unha e outra vez.

Foi un rebelde social, un anarquista de pura raza, nunca retrocedeu nas súas ideas, nin se vendeu por nada nin por ninguén, seguiu sempre cara adiante coa cabeza ben alta, loitando á que todos sexamos libres...

A súa vida enteira é pura rebeldía e iso nunca llo perdoaron.

Decidindo terminar dunha maneira deleznable coa súa vida, morrendo de cárcere o 2 de xaneiro do 2005.

Cheché lembrarémste sempre.



\* Imaxe da portada do libro de Xosé Tarrío